



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Percepción por asistencia efectiva ás reunións da Xunta de Goberno Local

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Melide en sesión extraordinaria celebrada o día 18 de xullo de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“(…) **PRIMEIRO:** Os membros da Xunta de Goberno Local, agás os que perciban retribucións por dedicación exclusiva ou parcial, percibirán 150 euros por asistencia efectiva ás sesións, cun límite máximo de 4 sesións mensuais e, de celebrarse máis dunha sesión no mesmo día, unicamente se terá dereito ao cobramento dunha asistencia.

SEGUNDO: De conformidade co previsto no art. 75.4 da Lei 7/1985 do 2 de abril de Bases de Réxime Local, os membros da Corporación que realicen desprazamentos por razóns de servizo terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido no Grupo 1 do RD 462/2002 e demais normas posteriores de actualización.

TERCEIRO: Incorporar o presente acordo nas Bases de Execución do Orzamento municipal.

CUARTO: Publicar integramente no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello o presente acordo.(…)”

Concello de Melide, 31 de xullo de 2023. O alcalde, José Manuel Pérez Penas.

2023/6348